

ACTA n.º 06/2018

**XUNTA DO CONSELLO COORDINADOR DO AGRUPAMENTO EUROPEO DE COOPERACIÓN TERRITORIAL
DO RIO MIÑO – AECT RIO MINHO**

---- A dia doce de novembro de dous mil dezaioito, sendo ás 17:00 horas (hora local), nas instalacións da CIM Alto Minho-Valença, sitas na Avenida Miguel Dantas, nº 69, en Valença, reuniuse o Consello Coordinador do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño – **AECT Rio Minho**. -----

---- Están presentes, en calidade de membros do Consello Coordinador do **AECT Rio Minho**, o Director, Uxío Benítez Fernández, Deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra, o Vice-Director, João Fernando Brito Nogueira, Presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, e os Vocais, Monserrat Magallanes Álvarez, Deputada Provincial de Pontevedra, e João Manuel do Amaral Esteves, Presidente da Câmara Municipal dos Arcos de Valdevez. Asisten tamén os membros do Secretariado Técnico, António Pereira Torres e Lois Pérez Castrillo ademais de Júlio Pereira, Primeiro Secretário da CIM Alto Minho. -----

---- A xuntanza é presidida polo Director do **AECT Rio Minho**, Uxío Benítez Fernández, tendo sido tratados, de acordo coa orde do día , os seguintes asuntos: -----

---- Asunto nº 1: Aprobación da acta da xuntanza anterior;

----- Logo da apertura da sesión polo Director AECT Rio Minho, foi presentada a Acta da xuntanza realizada no día 23 de outubro de 2018, a cal, logo de ser lida e verificada, mereceu aprobación unánime e foi asinada por todos os presentes. -----

Esta deliberación foi aprobada, por unanimidade, en borrador

---- Asunto nº 2: Consideración/aprobación do Plan de Actividades e Orzamento 2019 :

---- Tras a presentación na reunión anterior por parte do Director do AECT do Río Minho dunha proposta de Plan de Actividades e orzamento para 2019 e da respectiva decisión do Consello de Coordinador, o Director informou que non foi efectuada ningunha modificación do documento polo que, en termos de orzamento, ascende ao valor global de 212.770 Euros, correspondendo case que a súa totalidade a gastos correntes, e sendo que para o ano 2019 está prevista unha coparticipación financeira de 70.610 euros, de acordo co o Artigo 7º dos Estatutos, por parte de cada unha das entidades asociadas, Comunidade Intermunicipal do Alto Minho e Deputación de Pontevedra. -----

---- Terminada esta introdución, o Consello Coordinador deliberou, por unanimidade, aprobar a proposta de Plan de Actividades e Orzamento para 2019, e solicitar ao Director que proceda às dilixencias necesarias para a sinalización da data da Asemblea Xeral do **AECT Rio Minho** para que, de acordo cos estatutos, delibere sobre a aprobación destes documentos que son asinados e rubricados polo Director e mais o Vice-Director do **AECT Rio Minho** e arquivados en catafol propio. -----

Esta deliberación foi aprobada, por unanimidade, en borrador.

---- **Asunto nº 3: Outros asuntos de interese para o AECT Rio Miño:**

---- No ámbito deste asunto, foran aprobadas, por unanimidade, as seguintes deliberacións:

---- Minuta de Adenda ao Protocolo de colaboración celebrado entre o AECT Rio Minho e o Municipio de Vila Nova de Cerveira. (Anexo 1) -----

Esta deliberación foi aprobada, por unanimidade, en borrador.

---- E non habendo mais nada que tratar, é levantada a presente xuntanza cando son as dezaioito horas. -

---- E, para que conste, levantase a presente Acta que fica asinada polo Director e mais o Vice-Director do AECT Rio Minho. -----

Valença, 12 de novembro de 2018

O Director,

(Uxío Benítez Fernández)

O Vice-Director,

(João Fernando Brito Nogueira)